NOS SEUS PEIÑOS

17 OUT

COLEXIO DAS MONXAS

Sábado de 16:00 - 20:00

Rúa Luis A. Mestre, 31 (O Grove)

PREZOS

5€ POR NENA/O **+ 1€** ADULTO

PACK DE **4** NENOS/AS + ADULTO **15€**

EFECTIVO OU TARXETA

ACTIVDADES

ANIMACIÓN • MAQUILLAXE
MANUALIDADES • GLOBOS
MERENDA • MERCH • DEBUXOS

TALLERES

MURAL COLECTIVO CON MORAIMA

MAXIA CON IVÁN

PLASTILINA CONDUCTIVA CON VERMISLAB

ESTAMPACIÓN CON IAGO

CONTA CONTOS CON DARA

NSP Festival solidario para as persoas refuxiadas

PROEMAID PROFESSIONALEMERGENCYAID

ILMO. CONCELLO O Grove

TALLERES

TALLER DE ESTAMPACIÓN TÉXTIL CON IAGO FONTOIRA.

(10 MAX - A PARTIR DE 5 ANOS)

Turno 1: 16:30 – 18:00
Turno 2: 18:30 – 20:00

**cada neno/a ten que traer un obxecto téxtil para estampanar (camisetas, bolsas...)*

TALLER DE MAXIA CON IVÁN PADÍN.

(30 MAX - TODAS AS IDADES)

Hora: 17:00 – 18:00

MURAL COLECTIVO CON MORAIMA PÉREZ - “HUELLAS QUE NOS UNEN”

(20 MAX - DE 4 A 10 ANOS)

Hora: 18:00 – 19:00

TALLER DE PLASTILINA CONDUCTIVA CON VERMISLAB

(20 MAX - A PARTIR DE 4 ANOS)

Hora: 18:00 – 20:00

CONTA CONTOS CON DARA PARADA.

((SEN AFORO- TODAS AS IDADES)

Turno 1: 18:45 – 19:15
Turno 2: 19:30 – 20:00

O aforo complétase por orden de chegada!



COLEXIO DAS MONXAS

10 MAX - TODAS AS IDADES

Hora: 16:30 – 18:00

18:30 – 20:00

TALLER DE ESTAMPACIÓN

É un artista multidisciplinar cun traballo que mestura fotografía, gravado, collage, instalación e poesía, sempre cunha mirada crítica sobre a arquitectura, o espazo urbano e o que queda oculto neles.

A súa obra explora conceptos como o hoco, a hostilidade arquitectónica ou a memoria, combinando procesos tradicionais —como o gravado, a fotografía analóxica ou a escultura — con tecnoloxías actuais, como o corte láser e a impresión 3D. A través destos procesos constrúe proxectos nos que o visual e o conceptual se entrelazan, abrindo diferentes posibilidades de lectura.

IAGO FONTOIRA

IVÁN PADÍN

Mago, ilusionista e meco con máis de 20 anos de experiencia, chega para achegar o fascinante mundo da maxia dun xeito divertido, participativo e adaptado ós peques.

Unha actividade pensada para participar, aprender e pasalo ben, na que os asistentes deixarán de ser simples espectadores para converterse en auténticos protagonistas.



COLEXIO DAS MONXAS

30 MAX - TODAS AS IDADES

Hora: 17:00 – 18:00

TALLER DE MAXIA



COLEXIO DAS MONXAS

20 MAX - DE 4 A 10 ANOS

Hora: 18:00 – 19:00

MURAL COLECTIVO

É profesora e creadora de LÚMINA, un proxecto educativo de O Grove no que aprendizaxe, creatividade e xogo van da man. O seu traballo nace da idea de que cada neno e nena ten a súa propia maneira de aprender e de que educar tamén significa acompañar, escoitar e ofrecer ferramentas para gañar autonomía e confianza.

Dende LÚMINA deseña experiencias, retos e actividades educativas nas que a infancia pode experimentar, crear, resolver problemas, traballar en equipo e descubrir as súas propias capacidades. A súa formación e experiencia no ámbito educativo e do ocio con infancia e xuventude lévana a apostar por unha educación activa, próxima e significativa, na que os pequenos pasos tamén forman parte dos grandes logros.

MORAIMA PÉREZ

VermisLAB

VermisLAB é un proxecto de innovación educativa onde potenciamos a creatividade dos nenos e nenas en campos como a robótica, a programación, a ciencia e a impresión 3D a través de talleres, campamentos ou actividades extraescolares.

Realizamos unha aprendizaxe baseada en proxectos reais desde unha perspectiva integral, incorporando de maneira transversal a intelixencia emocional, o traballo en equipo, a comunicación e a educación en valores.

COLEXIO DAS MONXAS

20 MAX - A PARTIR DE 4 ANOS

Hora: 18:00 – 20:00

TALLER DE PLASTILINA CONDUCTIVA





15€ do libro destínase 3€ para NSP



COLEXIO DAS MONXAS

SIEN AFORO - TODAS AS IDADES

Hora: 18:45 – 19:15

19:30 – 20:00

CONTA CONTOS

Non ten formación académica vinculada á literatura, pero sempre lle apaixonaron os libros de todo tipo e as historias que agochan. Comezou en 2024 a probar sorte no mundo editorial, ata que en 2025 Apuleyo Ediciones comezou a dar visibilidade ao seu primeiro proxecto infantil, co libro *¿Cómo lo puedo facer?*.

Os seus libros céntranse en temas sociais, no respecto pola natureza e no seu coidado, así como en como afrontar os retos por si mesma e fomentar iniciativas positivas orientadas ao desenvolvemento persoal.

En breve, comezará a autopublicar tres contos infantís, ademais de obras dirixidas ao público adulto.

DARA PARADA